

Facultade de Filoloxía e Tradución
Universidade de Vigo

Comisión de Calidade 21/12/2020

Acta da sesión ordinaria da Comisión de Calidade da Facultade de Filoloxía e Tradución, celebrada o día 21 de decembro na Sala de Xuntas 1 da Facultade de Filoloxía e Tradución do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Asistentes:

Presidencia

José Francisco Montero Reguera

Secretaría

María Seijas Montero

Sector profesorado

Antonio Chas Aguión

Helena Cortés Gabaudan

María Dolores González Álvarez

Lourdes Lorenzo García

Carmen Luna Sellés (PDI)

Ana María Pereira Rodríguez

Maribel del Pozo Triviño

Fernando Ramallo Fernández

Alexandre Rodríguez Guerra

Beatriz María Rodríguez Rodríguez (PDI)

Estudantado

Alba Zels Garrido

Desculpan

Javier de Agustín Guijarro

Inmaculada Báez Montero

Alexia Dotras Bravo

Jorge Figueroa Dorrego

Antonio Rifón Sánchez

Rosalía Rodríguez Vázquez (PDI)

Maribel Del Pozo Triviño (enlace de igualdade)

Marinha Paradelo Veiga (estudante)

Non asisten

José Yuste Frías

Pedro López Morillo (estudante)

Belén Otero Rey (PAS)

Ábrese a sesión ás 10:00.

Orde do día

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores (sesión ordinaria de 21/07/20 e sesión extraordinaria de 17/09/20)

Apróbanse por asentimento

2. Informe do decano

O decano da a benvida aos novos integrantes da comisión de Calidade: as profesoras Carmen Luna Sellés (Electa sector PDI- GCLEL), Beatriz María Rodríguez Rodríguez (Electa sector PDI- GTI), e Rosalía Rodríguez Vázquez (Electa sector PDI- GLE) e os estudantes: Pedro López Morillo (Grao en Tradución e Interpretación), Marinha Paradelo Veiga (Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios) e Alba Zels Garrido (Grao en Linguas Estranxeiras). Informa tamén de que a visita da comisión de avaliación para a renovación do certificado de implantación do Sistema de Calidade adíuse, como mínimo, ata o mes de febreiro. Finalmente, o decano informa que grazas as xestións feitas polo anterior decano e polo actual equipo decanal conseguíuse unha persoa de apoio para o vicedecanato de calidade para os meses de outubro, novembro e decembro que axudou moito no proceso de renovación do certificado e que, finalmente, conséguese manter ata que finalice o proceso no mes de febreiro.

3. Validación, se procede, do Manual de Calidade da Facultade de Filoloxía e Tradución.

O decano cédelle a palabra á vicedecana de calidade para que explique o contido dos outros puntos da orde do día. A vicedecana expón que esta Comisión de Calidade ten por obxecto a validación, se procede, de *Manual de Calidade* da Facultade de Filoloxía e Tradución así como dos anexos *Listaxe de Procedementos en vigor do Sistema de Garantía de Calidade* para o curso 2020/2021 (anexo 1-punto 4 da orde do día) e o *Mapa de procesos* (anexo 6- punto 7) que foron enviados pola Área de Calidade para a súa validación en Comisión de Calidade e posterior aprobación en Xunta de Facultade. Tamén a validación, se procede, da *Listaxe de Titulación oficiais da facultade* (anexo 5-punto 6) que é un documento que inclúe todas as titulacións do centro e faltaba por incluír na pestana de calidade da web da FFT e a validación da *Política e obxectivos de calidade do curso 2020/2021* (anexo 4-punto 5).

En canto ao Manual de Calidade, explica que se modificou, a última modificación foi en 2014, polas actualizacións que fixeron desde a Área de Calidade nos distintos procesos de calidade. Tamén se actualizou a información que estaba obsoleta: por exemplo, a información dos estatutos da Universidade de Vigo recollida no Manual, pois os últimos foron aprobados en febreiro de 2019, a información e nova denominación da Área de Calidade (antes chamada Área de Apoio á docencia e Calidade) e da Unidade de Análise e Programas (antes Unidade de Estudos e Programas), e actualizáronse os estudos de máster pois aparecían seis, fronte aos catro actuais (elimináronse o Máster en Artes Escénica e o Máster en Lingua e Comunicación nos Negocios) e actualizouse a información dos programas

ERASMUS+ (antes Sócrates-Erasmus) e Sicue (antes Séneca-Sicue). En materia de calidade, incluíronse todos os feitos relevantes que se fixeron no centro desde o curso 2014-2015 ata a actualidade: por exemplo a obtención do certificado de SGI, a Acreditación Institucional da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo concedida por Resolución do Consello de Universidades (xanerio de 2019), ou a actualización de distintos procedementos. Finalmente, actualizouse o cadro que harmoniza as directrices nacionais e internacionais na materia de calidade dentro do ámbito universitario e responde ás esixencias expresadas nelas e inclúese algunha referencia legislativa básica como a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Ademais, a vicedecana explica os cambios que se fixeron, de acordo coa Área de Calidade no documento de *Política e obxectivos de calidade*, en concreto, nas metas dalgúns dos indicadores. O que se fixo foi facer unha media dos tres últimos cursos dos que se teñen datos e comprobar que algunhas das metas establecidas no documento anterior eran un pouco altas. E non se alcanzaron nos últimos cursos. O que se fixo foi reducilas un pouco para poder alcanzar as metas establecidas neste curso 2020-21. Ademais, incluíronse tres indicadores que faltaban referidos ao grao de satisfacción de profesorado, persoas tituladas e estudantado coa planificación e desenvolvemento dos ensinos.

En canto o rexistro do *Plan Operativo de Información Pública* a vicedecana sinala que é un documento que quedara pendente do curso anterior. A finalidade do Plan Operativo de Información Pública é garantir que a información pública da Facultade de Filoloxía e Tradución e das titulacións que se imparten sexa accesible aos distintos grupos de interese (estudiantado -propio e alleo-, PDI, PAS e persoas tituladas) e estea actualizada, ademais de cumprir cos requisitos establecidos tanto polo propio centro, como polos programas de calidade da Universidade de Vigo e da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario Galego (ACSUG). O que se tentou é destacar as diversas canles para a difusión e o acceso á información pública do centro, é dicir, a web da facultade, as webs dos catro mestrados, as webs dos cinco departamentos con sede na FFT, as redes sociais da facultade e da delegación de estudantes ou as listas de correo electrónico.

Finalmente, a vicedecana explica que os puntos 9 e 10 da orde do son dous procedementos enviados pola Área de Calidade e cuxos rexistros, seguindo estes procedementos haberá que elaborar no curso actual. O primeiro, é o da *Medición da satisfacción dos grupos de interese* que é unha actualización do procedemento anterior co obxecto de obter a opinión de satisfacción do PDI, PAS, estudantes, etc. coas titulacións do centro. O segundo é o procedemento de *Información Pública e Rendemento de Contas* que tamén foi actualizado pola Área de Calidade e que ten por obxecto establecer os mecanismos que permitan garantir e asegurar a dispoñibilidade da publicación periódica, actualizada e accesible aos distintos grupos de interese da información relevante relacionada cos centros e coas titulacións da facultade.

Toma a palabra o decano para agradecer a vicedecana o traballo feito
Sométese a aprobación o Manual de Calidade. Apróbase por asentimento

4. Validación, se procede, da Listaxe de Procedementos en vigor do SGC para o curso 2020/2021 (anexo 1 do Manual de Calidade).

Apróbase por asentimento

5. Validación, se procede, da Política e Obxectivos de calidade do curso 2020/2021 (anexo 4 do Manual de Calidade).

Apróbase por asentimento

6. Validación, se procede, da Listaxe de Titulacións Oficiais da Facultade de Filoloxía e Tradución (anexo 5 do Manual de Calidade).

Apróbase por asentimento

7. Validación, se procede, do Mapa de Procesos (anexo 6 do Manual de Calidade).

Apróbase por asentimento

8. Validación, se procede, do rexistro do Plan Operativo de Información Pública (R1 DO-0301 P1).

Apróbase por asentimento

9. Validación, se procede, do procedemento de Medición de Satisfacción dos grupos de interese para o curso 2020/2021. (Código MC-05).

Apróbase por asentimento

10. Validación, se procede, do procedemento de Información Pública e Rendemento de Contas para o curso 2020/2021 (Código DO-0301).

Apróbase por asentimento

11. Rogos e preguntas

Non hai rogos e preguntas

Sen máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 10:16

Vigo, 21 de decembro de 2020

Visto e praxe do Decano

A secretaria (Vicedecana de calidade)



José F. Montero Reguera

María Seijas Montero

DILIXENCIA

Para facer constar que esta acta foi aprobada na Comisión de Calidade ordinaria do 22/07/2021

A/O Secretaria/o da Comisión de Calidade



María Seijas Montero